



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

UVIGO1101 N° 200400013459

No mes de xuño un traballador que realiza funcións de auxiliar técnico de servizos xerais no Edificio de Ciencias Experimentais gozou, tras o nacemento do seu fillo, do perceptivo permiso que establece o vixente Convenio Colectivo e a Lei 9 / 2003. Para cubrir a súa baixa o lóxico sería contar co traballador, que destinado no mesmo ámbito, realiza funcións de apoio ao Campus. Non obstante, ao solicitar esta persoa un permiso previo para poder asistir a un campionato de futbito non foi posible destinala a realizar ese servizo. A solución que se buscou para solucionar esta necesidade foi pedirlle a outra traballadora tamén “apoia campus” que interrompera as súas vacacións para cubrir ese posto, dada posibilidade de que se puidera, incluso, pechar o edificio.

Tras deliberar sobre o acontecido neste asunto o Pleno celebrado o 15 de xullo acordou solicitar á xerencia a relación de persoal que apuntado a actividades lúdicas organizadas pola Universidade de Vigo puideran, nalgún momento, obter beneficios de permisos, dispensas horarias ou redución de xornada, co obxecto de ter coñecemento sobre continxencias que, ata o de agora, este Comité non tiña en consideración.

Vigo, 25 de agosto de 2004.
O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO